



INFORMACIÓN SOBRE OS EXAMES DE
CERTIFICACIÓN DE PORTUGUÉS MAIO 2026

INFORMACIÓN XERAL

Horarios e aulas:

- ❖ Consultar a páxina web da EOI e do Departamento de Português en CONVOCATORIAS.
- ❖ As persoas candidatas deben estar presentes na escola 10 minutos antes da hora para a que están convocadas (15 min antes para a proba oral). Soamente a hora de citación da proba oral é aproximada, pois poden acumularse atrasos.
- ❖ Deberán esperar fóra da aula en silencio -> **En fronte do Departamento de Português DPT 6.**
- ❖ A convocatoria da proba oral é nominal por orde alfabética. Na hora asignada, compoñeranse as parellas e as quendas nominais conforme a lista da convocatoria na páxina do documento da convocatoria oral. Tamén, nese momento, recibirán toda a información sobre o decurso da proba oral (ver duración da proba na páxina da EOI e do Departamento: 1. INFORMACIÓN XERAL / CONTEXTO E EXAMES / EOI e consultar información en Convocatorias).
- ❖ A convocatoria da proba escrita agruparase o alumnado oficial en función do profesorado de cada grupo, e separarase o alumnado libre, que deberá ser distribuído sempre por orde alfabética. O alumnado oficial será correctamente informado polo seu profesorado de como e onde se publicarán as convocatorias das súas probas e a súa administración (ver duración da proba na páxina da EOI e do Departamento: 1. INFORMACIÓN XERAL / CONTEXTO E EXAMES / EOI e consultar información en Convocatorias).
- ❖ Lembre comprobar no mesmo día do exame o número do departamento e a aula que lle corresponde.

Dep-PO

Cambio de datas das probas orais:

- ❖ En xeral, non se pode solicitar cambio para outro día, agás por motivos xustificados ou lexítimos imperiosos.
- ❖ O cambio debe solicitarse – antes do 6 de maio – perante o profesor do grupo ou a xefatura do Departamento de Português se for alumnado libre (neste caso, por escrito e antes de que comece a etapa das probas orais).
- ❖ As consultas do alumnado libre realizaranse en:
eoι.corunha.portugues@edu.xunta.gal
- ❖ As consultas do alumnado oficial realizaranse en presenza do profesor do curso ou a través de mensaxe vía correo electrónico ou aula-moodle:
- ❖ Por cuestións de organización, podería ser preciso cambiar a quenda dalgún alumno ou alumna que non o solicitou, mais en ningún caso estes cambios se efectuarán sen acordalos antes coa persoa implicada.
- ❖ Non se pode solicitar o cambio para un día ou hora en que non haxa convocados exames dese nivel.

Cambio de datas das probas escritas: Non se pode solicitar.